

» **Novas**

» **Cursos**

» **Contacto**

 **Descarga de artigos**

 **Memorias anuais**



**Novas**

- **Celebración do Día Mundial dos Humidais cunha xornada de divulgación e información no CEIP Virxe do Corpiño de Begonte**

- » [LIFE TREMEDAL - Febreiro 2015](#)

Con motivo da celebración do Día Mundial dos Humidais, o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader) da Universidade de Santiago de Compostela desprazouse ata o CEIP Virxe do Corpiño en Begonte para realizar un acto de sensibilización e información con escolares de ensino primario do centro xunto coa Asociación Galega de Custodia do Territorio.

Esta actividade encádrase nas tarefas do proxecto europeo LIFE+ TREMEDAL, participando das mesmas o profesor Pablo Ramil Rego, os técnicos do Ibader Boris Hinojo e Marco Rubinos, ademais de Óscar Rivas, secretario da Asociación Galega de Custodia do Territorio

A este acto asistiron o Subdirector Xeral de Espazos Naturais da Xunta de Galicia, José Antonio Grandas Arias; a deputada provincial da área de Medio Ambiente e Enerxías Renovables da Deputación de Lugo, Sonsoles López Izquierdo, e o alcalde de Begonte, José Ulla Rocha.

Este ano 2015 o Día Mundial dos Humidais céntrase na necesidade de crear conciencia sobre o esenciais que son este tipo de enclaves naturais para o noso futuro. Segundo a documentación achegada pola Convención Ramsar, os humidais considéranse a miúdo como terreos baldíos, é dicir, como lugares que se deben drenar, reencher, queimar e converter a outros usos. De feito, estudos científicos amosan que dende 1900 desapareceu o 64 % dos humidais do planeta. En comparación con 1700, calcúlase que se perdeu o 87 % deste tipo de lugares.

Neste contexto, o proxecto europeo LIFE+ TREMEDAL no que está a participar o IBADER ten como obxectivo principal mellorar o estado de conservación dos hábitats de humidais continentais do Norte da Península Ibérica. Os proxectos LIFE+ están financiados pola Unión Europea e están dedicados integramente ao medio ambiente.



**World Wetlands Day**  
Monday, 2 February 2015



Wetlands for our Future



- **Reforzo do bosque aluvial na Insua de San Roque**
  - » [LIFE TREMEDAL - Xaneiro 2015](#)
- **Seminario**
  - » [O manexo do solo e a fertilidade en Agricultura Ecolóxica](#)
- **Xornada técnica**
  - » [Alternativas na gandería semiextensiva en Galicia: Produción sostible e aproveitamento do territorio](#)
- **Curso de Especialización en Xestión de Residuos Xerados nas Explotacións Agrogandeiras e nas Industrias Agrarias de Transformación**
  - » [Curso de Especialización en Xestión de Residuos Xerados nas Explotacións Agrogandeiras e nas Industrias Agrarias de Transformación](#)
- **O Proxecto LIFE TREMEDAL en Radio CERNA**
  - » [LIFE TREMEDAL, un proxecto para a conservación de humidais](#)
- **Inaugurado el curso "Alternativas de desarrollo rural en áreas de alto valor ambiental: modelos e experiencias aplicables a la sierra do Courel"**
  - » [Cursos de Verán 2014](#)
- **Declaración de novos lugares Rede Natura 2000 de ámbito mariño**
  - » [Declaración de 39 Zonas de Especial Protección para as Aves \(ZEPA\) en augas mariñas españolas e proposta de Lugares de Importancia Comunitaria \(LIC\)](#)
- **O establecemento de medidas de conservación nos lugares Natura 2000**
  - » [Unha revisión das disposicións do Artigo 6.1 da DC 92/43/CEE e a súa](#)

aplicación práctica en diferentes Estados membros

- **Dispoñible o 1º Boletín do proxecto LIFE TREMEDAL (15/6/2014)**
  - LIFE TREMEDAL - Xuño 2014
- **Xestión da fertilidade en agricultura ecolóxica**
  - Curso de formación continua 2013-2014
- **Aproveitamento sostible de cogomelos (setas) comestibles en Galicia**
  - Cursos de Verán 2014 1 a 3 de setembro
- **As plantas medicinais no desenvolvemento sostible das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses**
  - Cursos de Verán 2014 28-31 de xullo
- **Alternativas de desenvolvemento rural en áreas de alto valor ambiental: modelos e experiencias aplicables á Serra do Courel**
  - Cursos de Verán 2014 21-23 de xullo
- **Xestión e Conservación de Humidais Continentais no marco da Estratexia da Unión Europea sobre a Biodiversidade**
  - Cursos de Verán 2014 14-16 de xullo
- **Agricultura familiar agroecolóxica**
  - Cursos de Verán 2014 18-20 Xuño
- **Instalados os paneis informativos do proxecto LIFE TREMEDAL en Galicia**
  - LIFE TREMEDAL- Maio 2014
- **Mellora do bosque aluvial e os seus hábitats higrófilos asociados na Insua de San Roque**
  - LIFE TREMOAL - Abril 2014
- **Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia**
  - Aprobación mediante o Decreto 37/2014
- **O IBADER celebra o Día dos Humidais cos nenos do CEIP Santa María do Valadouro**
  - LIFE TREMOAL - Febreiro 2014
- **Estación Científica do Courel**
  - Vídeo de presentación das funcións da Estación
- **Celebración da Reunión da Comisión de Seguimento do Proxecto TREMEDAL en Galicia**
  - LIFE TREMOAL - Xaneiro 2014
- **Establecemento de charcas na lagoa de Cospeito**
  - Mellora do 'cardiño das lagoas' (*Eryngium viviparum*)
- **¿Poden demostrar a Comisión e os Estados membros que se gastou benol presuposto da UE asignado á política de desenvolvemento rural?**
  - Informe do Tribunal de Contas Europeo
- **Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións**
  - Un presuposto para Europa 2020
- **Coñece o Proxecto LIFE TREMOAL**
  - Lanzamento da súa páxina web
- **Curso de Especialización en Xestión de Residuos Xerados nas Explotacións Agrogandeiras e nas Industrias Agrarias de Transformación**
- **XV Curso Práctico de Formación**
  - "Técnicas aplicadas de microscopía de piensos"
- **Por que conservar a natureza?**
  - Conferencia do Dr. Miguel Delibes de Castro
- **"Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo" declarada como Reserva de Biosfera pola UNESCO**
  - Unha nova Reserva de Biosfera
- **Día Internacional da Diversidade Biolóxica**
  - 22 de maio
- **Actividades do proxecto LIFE TREMOAL**
  - LIFE TREMOAL - Primavera 2013
- **UNIVERSIDADE DE VERÁN 2013**
  - Curso de Verán: As plantas medicinais no desenvolvemento sostible das Reservas da Biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses 29 de xullo-1 de agosto
- **O Comité Consultivo Internacional para as Reservas de Biosfera recomenda a aprobación da Reserva Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**
  - España será o segundo país do mundo con maior número de Reservas de Biosfera
- **Aprobado o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil**

- Real Decreto 285/2013
- Establécense os dous primeiros elementos do Inventario Español de Hábitats Mariños
  - A listaxe patrón dos tipos de hábitats mariños presentes en España e a súa clasificación xerárquica
- Sométense a información pública os plans de recuperación e conservación do oso pardo e a pílara das dunas
  - Plan de Recuperación do oso pardo (*Ursus arctos*) e de conservación da pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus*)
- Listaxes de Lugares de Importancia Comunitaria en Europa
  - Actualizacións das listaxes por rexións bioxeográficas
- Presentación do Proxecto LIFE+ TREMOAL
  - Humidais continentais do Norte da Península Ibérica: Xestión e Restauración de Turbeiras e Medios Higrófilo
- Estratexias mariñas
  - Estratexias mariñas
- Acto de presentación do libro "Ruta Botánica por el Campus de Lugo"
  - Ruta Botánica polo Campus de Lugo
- O Comité Español do Programa MaB aproba a proposta da Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo"
  - Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo
- Potenciais Aplicacións dos Tratamentos Biolóxicos na Xestión dos Residuos Orgánicos no Sector Pesqueiro
  - Seminario
- Hortos urbanos na Universidade
  - Hortos urbanos na Universidade